

MARCO

FESTA 9º ANIVERSARIO

VENRES 11, SÁBADO 12 E DOMINGO 13 DE NOVIEMBRE DE 2011

ENTRADA LIBRE



O domingo 13 de novembro, o MARCO cumpre nove anos dende a súa apertura ao público en 2002. Con motivo desta celebración, **o venres 11, sábado 12 e domingo 13 de novembro** terá lugar a **festa do 9º aniversario**, cun programa de actividades para públicos de todas as idades, que se suman ás exposicións que se mostran en salas:

YOU ARE NOT ALONE, na planta baixa

Coproducida entre a Fundación ArtAids, a Fundació Joan Miró e o MARCO de Vigo, a mostra reúne a 18 artistas contemporáneos de todo o mundo que contribúen á loita contra a estigmatización cunha mirada innovadora sobre a causa, as consecuencias e o contexto actual da sida, así como sobre as formas para combatelo.

KARMELO BERMEJO, no primeiro andar

A partir da idea do museo como xerador de valor, a exposición de Karmelo Bermejo —cuarta proposta do ciclo 'Entrar na obra'— provoca unha reflexión sobre os xogos de poder que rodean á obra de arte, á súa produción e á súa recepción por parte do público. A mostra, titulada „, reúne un total de 10 pezas, dúas das cales se sitúan fóra do espazo físico das salas.

Para esta especial ocasión, o museo permanecerá **aberto ao público nun horario máis amplo** do habitual, incluíndo a **noite e madrugada da fin de semana**: dende as 11.00 da mañá do sábado ata as 03.00 do domingo, e reanudándose dende as 11.00 ata as 21.00 do domingo.

Resistencia. Días de acción e pensamento

Creación escénica europea contemporánea con dous dos coreógrafos españois máis recoñecidos internacionalmente, Olga de Soto e Juan Domínguez, nunha iniciativa comisariada por Pablo Fidalgo Lareo.

Horario:

Una introducción, por Olga de Soto: venres ás 21.00
Todos los buenos espías tienen mi edad, por Juan Domínguez: sábado ás 20.00

Lugar: salón de actos

Entrada gratuíta ata completar aforo, previa recollida en taquilla a partir das 17.00, o mesmo día de cada función

'Arte & Vida'

Actividades para público familiar en torno á exposición 'You Are Not Alone'

Nenos/as a partir de 3 anos acompañados de persoas adultas

Horario: sábado e domingo de 12.00 a 14.00 e de 18.00 a 20.00

Lugar: Laboratorio das Artes

Paseo sonoro co Cuarteto Caramuxo

Catro intérpretes de clarinete, unha percussionista tradicional e un acordeonista, dan como resultado ritmos frescos e orixinais que nos farán gozar da música,

Horario: sábado ás 23.00

Lugar: vestíbulo principal

Chámalle X. VIII Xornadas de Arte de Acción

'Nyam, nyam', de Lucía Peiró

Horario: venres ás 20.00

Lugar: panóptico da planta baixa

Organiza: Facultade de Belas Artes da Universidade de Vigo

Maratón ArtFutura 2011. 'Repasando o futuro'

Proxección do programa audiovisual desta edición

Lugar: salón de actos

Horario: domingo de 12.00 a 14.00 e de 17.00 a 21.00

O MARCO por dentro

Visitas guiadas ás exposicións, na compañía dos monitores de sala

Horario: sábado e domingo ás 13.00 e ás 17.00

Lugar: salas de exposición

Música e Coctelería sólida e líquida no MARCO restaurante&café

Coctelería ofrecida por Miguel Oliveira e acompañada por música electrónica de Tamara Vaquero, dende o 'ambient' e o 'trip-hop' a horas máis temperás, ata o electro e 'dubstep' conforme a noite avance.

Horario: sábado a partir das 23.00

Lugar: MARCO restaurante&café

Mercadillo do libro

Libros e catálogos a prezos especiais

Horario: venres e domingo de 17.00 a 21.00; sábado de 11.00 a 21.00

Lugar: tenda-librería Plaxio (vestíbulo principal)

MARCO, Museo de Arte Contemporánea de Vigo
Príncipe 54 - 36202 Vigo, 986 113900
info@marcovigo.com • www.marcovigo.com
Tamén en Facebook

